



CERTIFICACIÓN ADXUDICACIÓN OBRA AULA NA RÍA DE BETANZOS

**JORGE EDUARDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, SECRETARIO DO
CONCELLO DE PADERNE,**

CERTIFICA

Que a Xunta de Goberno Local , na sesión de 22 de outubro de 2010, adoptou por unanimidade o seguinte acordo que se transcribe literalmente:

“ 2º.- ADXUDICACIÓN CONTRATO AULA NA RÍA DE BETANZOS

Visto o informe do Técnico Municipal D. Antonio López Panete , de data de 13 de outubro de 2010 onde expón :

“D. ANTONIO LÓPEZ PANETE , Arquitecto Técnico do Concello de Paderne, en relación coa contratación pública da Obra AULA NA RÍA DE BETANZOS – LUGAR DE CHANTADA – SOUTO – PADERNE,

Presentadas tres ofertas por tres empresas capacitadas para o desenvolvemento da actuación proxectada, a saber,

- 1.- CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L.*
- 2.- Q.I. PROQUINTAS S.A.*
- 3.- EXCAVACIONES LUIS VILARIÑO S.L.*

Resulta imprescindible valorar as mesmas.

1.- CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L.: Presenta oferta por importe do tipo de licitación, isto é, 65.308,33.

Nas referencias técnicas contéplase un control interno de calidade non consignándose nin programa de traballo e de actuación ambiental e esquema do plan de seguridade e saúde. Polo tanto non pode valorarse na súa integridade as referencias técnicas.

Esta oferta non reúne os requisitos requiridos polos pregos de contratación e deberá ser excluída de valoración.

2.- Q.I. PROQUINTAS S.A. Presenta oferta por importe do tipo de licitación, isto é, 65.308,33.

Nas referencias técnicas contéplase un control interno de calidade consignándose debidamente programa de traballo e de actuación ambiental e esquema do plan de seguridade e saúde. Polo tanto pode valorarse na súa integridade as referencias técnicas, que reflicten con carácter completo un desenvolvemento correcto das condicións técnicas requiridas polos pregos de contratación.

3.- EXCAVACIONES LUIS VILARIÑO S.L. Presenta oferta por importe do tipo de licitación, isto é, 65.308,33.

Non presenta sobre B de referencias técnicas. Esta proposición debe ser rexeitada ao non axustarse aos pregos reguladores da presente contratación.

En consonancia co exposto INFORMO:

- 1.- *Propoñer como única empresa susceptible de ser adjudicataria a Q.I. PROQUINTAS S.A.*
- 2.- *Excluir da fase de selección do adjudicatario , e descartar como licitadores a CONSTRUCCIONES CONCIFA S.L. e EXCAVACIONES LUIS VILARIÑO S.L. por non presentar proposicións ao abeiro do disposto nos pregos de cláusulas administrativas particulares.”*

Vista a presentación da documentación preceptiva por parte de Q.I. PROQUINTAS S.A., tanto de estar ao corrente das obrigas coa Seguridade Social , como coas Facendas Estatal e Autonómica, e garantía definitiva suficiente mediante aval nº intervención AGE 361/ 04 polo importe de 2.767,30 €.

Procede adjudicar o contrato para a obra AULA EN LA RÍA DE BETANZOS a favor da mercantil Q.I. PROQUINTAS S.A. polo importe total , IVE incluído , de 65.308,33€ SESENTA E CINCO MIL TRESCENTOS OITO EUROS CON TRINTA E TRES CÉNTIMOS e polo prazo previsto na oferta , nas tres mensualidades que describe a proposición sobre as Referencias Técnicas, debendo asinarse o contrato dentro dos seguintes 15 días hábiles.

Notificar o presente a tódolos licitadores e candidatos.” .

O presente acto esgota a vía administrativa, e contra o mesmo poderá o interesado interpor recurso administrativo de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou ou recurso Contencioso Administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgados do Contencioso Administrativo da Coruña.

E por Orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde estendo a presente en Paderne a 23 de outubro de dous mil dez.

VºPce.
O ALCALDE

D. César Longo Queijo



O SECRETARIO

